



OURENSE, A VINTE E NOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 5-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

COMPETICIÓN: LIGA GALLEGA ABSOLUTA MASCULINA DH 25-26

EQUIPOS PARTICIPANTES: C. W. SANTIAGO - C.W. PONTEVEDRA

DÍA/HORA: 25/01/26; 17:30

FEITOS

PRIMEIRO: O día 26-01-26 foi remitido a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro disputado que se referencia. No anexo da acta, textualmente, recóllese o seguinte feito:

"La tarjeta amarilla del 3 parcial en el 0:01 es debido a protestas reiteradas."

SEGUNDO.- Da documentación do encontro resulta que D. Iago Carabelos Rosales figura como técnico do equipo local (C. W. Pontevedra).

TERCERO.- O citado feito foi tramitado conforme ao procedemento disciplinario aplicable (trámite de audiencia). Realizáronse alegacións que non desvirtúa a acta. En aras de un proceder garantista solicitouse pola FEGAN ó Comité Galego Arbitral FEGAN aclaración ó respecto recibíndose correo pola FEGAN o 28 de xaneiro co literal: "A Iago Carabelos"

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. **Competencia e procedemento.** Resulta de aplicación o artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación, ao que se remite expresamente o trámite de audiencia do presente expediente.

II. **Tipificación e consecuencias disciplinares (adestradores/as).** A Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/26 (Circular 25-43) establece para as sancións de adestradores/as un sistema de ciclos: a primeira tarxeta amarela sanciónase cunha amonestación, e a segunda e sucesivas tarxetas amarelas comportan suspensións de un a catro partidos e sanción económica dependendo do ciclo.

III. **Cómputo (primeiro ciclo).** Á vista da documentación obrante neste expediente despréndese a existencia doutra tarxeta amarela previa ao citado técnico na mesma categoría/competición durante a tempada, polo que procede cualificala como segunda tarxeta amarela do primeiro ciclo.

RESOLVE

ÚNICO.— Polo feito acreditado procede imponer ó **adestrador** local do C. W. Pontevedra, **D. Iago Carabelos Rosales**, a sanción que a continuación se precisa e, por tanto, **ACÓRDASE:**

1. Imponer **SUSPENSIÓN POR UN ENCONTRO**, computable como 2ª tarxeta amarela do primeiro ciclo na tempada e categoría de referencia, de acordo coa Normativa Xeral de Waterpolo.
2. Notificar a presente resolución ao club C. W. Pontevedra, para o seu coñecemento e efectos.

3. Facer constar que a acumulación de tarxetas amarelas comportará as consecuencias previstas na normativa disciplinaria vixente para adestradores/as.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense